

O PACTO NUPCIAL

—Como seremos con trinta anos? —preguntou Marián.

—Vellas! —respondín segura do que dicía.

Todas rimos ao tempo sen dubidallo, claro que tiñamos dezaseis anos e pensabamos que o tempo ía transcorrer lento coma o verán do ano 1986 no que nos encontrabamos. Na praia de Samil coas toallas en círculo, sen parases, cos bocatas na man e co corpo áinda mollado do último baño salino.

Estabamos as catro de sempre, as catro das motos, as catro de pequena estatura, en definitiva, as catro. Nunca antes falaramos do futuro, sempre do presente, das clases, dos mozos, das festas..., pero, de súpeto, Marián nos fixo pensar no futuro.

—Que seremos con trinta anos? Nin idea —dixo Mercedes—, ningunha temos unha vocación especial, veremos.

(Risas de novo.)

—Seguro que estamos casadas e con fillos, porque a esa idade as nosas nais xa nos tiñan a nós —comentou Marián de novo.

—Non creo, dáte conta que a carreira se termina aos vinte e tres, e despois áinda hai que buscar traballo —dixen segura do futuro académico do grupo.

—Eu non quero estudar unha carreira —espetou María—. Non me apetece estar tantos anos estudando. Eu irei traballar e casarei cedo.

Veña risas e máis risas. Alí non había mozos nin pretendentes á vista, nin tan sequera proxectos, así que decidimos fazer un pacto ao que demos en chamar «pacto nupcial».

Papel de axenda, bolígrafo e acordo:

«As abaixo asinantes, Marián, María, Mercedes e Rita, acordan que a primeira que case, sexa onde sexa, estea onde estea, viva onde viva, sigan sendo tan amigas como agora ou non, deberá localizar e invitar a cear as abaixo asinantes. Samil, 3 de agosto de 1986».

María cumpliu, con vinte e dous anos, con vidas totalmente diferentes, sen contacto de amizade; localizounas e invitounas a cear cumplindo o acordado.